



CULLEREDO
CONCELLO
(R.E.L. 01150315)

Dependencia UNIDADE DE XESTION DE SECRETARIA XERAL	Código do documento USG11S0147	Código do expediente USG/2017/160
--	--	---

Certificación Mecánica ou Selo Dixital

CONCELLO DE CULLEREDO

Data.....: 28/10/2017 10:39:22
Registro : 2017 / 7314

Registro Xeral de Saída

Código de Verificación Electrónica (COVE)



6V5G 6N20 5D49 3137 0TXH



FEDERACION ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y
PROVINCIAS
RUA VARSOVIA, Nº4C, P06 AREA CENTRAL
15707 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
A CORUÑA

DQR

Para o seu coñecemento e efectos oportunos, achego certificación do acordo adoptado polo Pleno municipal na súa sesión ordinaria celebrada en data 28 de setembro de 2017, relativa a "Declaración institucional sobre o Día Internacional da Nena 2017".

Culleredo, 24 de outubro de 2017

O alcalde



Julio Sacristán de Diego

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG11I013Q	USG/2017/160
Código de Verificación Electrónica (COVE)  4X5L 4D67 3S6D 1Z1J 1CZ3	

DQR

**DONA PILAR MARÍA PASTOR NOVO, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE CULLEREDO,
PROVINCIA DA CORUÑA**

CERTIFICA: Que o Pleno da Corporación, na súa sesión ordinaria celebrada en data 28 de setembro de 2017 adoptou o acordo que transcrito literalmente di:

"7. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE O DÍA INTERNACIONAL DA NENA 2017

A Presidencia informa do acordo de presentar neste punto da orde do día unha declaración institucional asinada polos representantes dos distintos partidos políticos que forman a Corporación así como pola concelleira non adscrita, de data 25 de setembro de 2017, en relación co Día Internacional da Nena 2017.

Deseguido, de orde do Sr. alcalde, a Sra. Secretaria xeral dá lectura á declaración institucional que a continuación se transcribe:

"DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

11 DE OUTUBRO, DIA INTERNACIONAL DA NENA 2017

O 19 de decembro de 2011, a Asemblea Xeral de Nacións Unidas estableceu a data do 11 de outubro como o Día Internacional da Nena co obxectivo de lembrar e difundir a toda a sociedade mundial que ao longo da historia e na actualidade millóns de nenas en todo o mundo sufrieron e seguen sufrindo marxinación e pobreza.

As circunstancias das nenas e as mulleres melloraron substancialmente nas últimas décadas. Actualmente, menos mulleres morren no parto, máis nenas acceden aos sistemas educativos, as taxas de matrimonio infantil están diminuíndo, o número de mulleres políticas aumentou e tamén o número de mulleres que ocupan cargos directivos nas empresas; sen embargo, a pesar da evidencia e do longo e difícil camiño recorrido, a igualdade así como o empoderamiento das nenas e as mulleres segue sendo unha promesa incumprida na maioría de lugares do mundo. E iso, a pesar dos acordos internacionais, os nacionais e os locais.

Por iso, é necesario facer visibles as necesidades invisibles e denunciar as desigualdades, as diferentes formas de discriminación e abuso que sofren as nenas e poñer de relieve a transcendencia de garantir seus dereitos.

Na actualidade hai 1.100 millóns de nenas, un poderoso grupo que pode dar forma a un mundo sostible e mellor para todas as persoas. Para iso, é necesario implementar políticas públicas destinadas á protección, a saúde, os dereitos sexuais e reprodutivos, a educación, o empoderamento económico e político e promoción dos dereitos das nenas pois é unha cuestión esencial de xustiza e igualdade.

Os retos e problemas fundamentais como a pobreza, os matrimonios precoces, a educación, a desigualdade ou a violencia contra as mulleres requiren de accións que inclúan metas fundamentais para conseguir a igualdade de xénero e reforzar a participación das mulleres e as nenas.

Por todo iso, os Gobernos locais reunidos na Federación Española de Municipios e Provincias desexan realizar un chamamento para que se sumen á conmemoración do Día Internacional da Nena e a traballar pola defensa dos dereitos das nenas en España e no mundo.

Lembrando a frase de Kofi Annan, exSecretario Xeneral da ONU que proclamou unha verdade irreductible e atemporal, "a igualdade das mulleres debe ser un compoñente central en calquera intento para resolver os



CULLEREDO
CONCELLO
(R.E.L. 01150315)

Código do documento

USG11I013Q

Código do expediente

USG/2017/160

Código de Verificación Electrónica (COVE)



4X5L 4D67 3S6D 1Z1J 1CZ3

COMPROBADA A EFACULTADE DOS DADOS
DE LA AUTORIDAD MUNICIPAL

Sacristán de Diego

Aprobado

problemas sociais, económicos e políticos", a Corporación Municipal de Culleredo comprometese a facilitar acciones concretas que promovan a participación das nenas nas decisións que afectan as súas vidas."

E para que conste ante a Federación Española de Municipios e Provincias, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Jurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, expido a presente de orde e co visto e prace do sr. alcalde, en Culleredo, a vinte de outubro do ano dous mil dezasete.

Vº e prace,

O Alcalde-Presidente

Julio Sacristán de Diego



C.I.F. P-1503100-H